EXPEDIENTE 2024/E001/000005. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais. PEL 2024.

Lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.

ANTECEDENTES:

24.01.2024. Por Decreto da Alcaldía n.º 20/2024, aprobáronse as bases e a convocatoria para realización dun proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais. PEL 2024.

06.02.2024. Publicouse o anuncio da aprobación das bases e a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña n.º 27, iniciándose ao día seguinte o período de dez (10) días naturais para a presentación de instancias (do 07.02.2024 ao 16.02.2024) [base 6.2 das bases da convocatoria].

19.02.2024 Por Decreto da Alcaldía n.º 56/2024, aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos outorgando un prazo de dous (2) días hábiles computados dende o día seguinte da súa publicación,no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal, para que os interesados que o considerasen oportuno procederan a emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimasen oportunas contra a citada lista provisional de admitidos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderase como definitiva.

19.02.2024 Publicación do Decreto de Alcaldía 56/2024 o taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015,de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Decreto da Alcaldía n.º 23/2024, polo que se aprobaron bases e a convocatoria para realización dun proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais. PEL 2024.

CVD: IxfR4sX4fRCANgOTL6oZ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Visto que durante o prazo de dous días hábiles outorgado para emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimasen oportunas contra a citada lista provisional, non se presentaron emendas nin alegacións.

RESOLVO

PRIMEIRO. Elevar a definitiva a lista provisional de admitidos e excluídos contidas no Decreto de Alcaldía 56/2024 de 190.02.2024 e publicado na citada data taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal relativo ao proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais. PEL 2024

SEGUNDO. Nomear ao tribunal cualificador do proceso de selección que terá a seguinte composición:

- Presidente: Manuel Rodríguez Calvo
- Secretario: Jesús Fernández Pereira
- Vogal 1º: Elías Rodeiro Tato
- Vogal 2º: Nieves González Mujico
- Vogal 3ª: Paz Gutiérrez Abella

TERCEIRO. Fixar a data para a sesión do Tribunal, constitución e realización da fase de oposición, (exame práctico e proba de galego) para o martes 27 de febreiro de 2024 ás 13:00 horas.

CUARTO. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Mandao e asinao o Sr. Alcalde Roberto Castro Rocamonde, do que eu secretario dou fe en Touro na data da sinatura dixital.

CVD: IxfR4sX4fRCANgOTL6oZ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.